



CAMPO DE VOLUNTARIADO: “DO AUDIOVISUAL GALEGO” (CELANOVA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
5-16/07/2021	18-30	Estatal	Audiovisual	12



LOCALIZACIÓN

Este campo de traballo está situado en Celanova (Ourense) a 25 quilómetros da capital, moi próximo á fronteira de Ourense e Portugal. Actualmente atópase comunicado pola autovía AG-31, que sitúa a Celanova a pouco máis dunha hora de Santiago de Compostela e de Vigo, así como dos seus respectivos aeroportos. É un lugar de media montaña dotado de suaves vales e verdes outeiros e bañado polo río Arnoia, un afluente do principal río de Galicia, o Miño.

O concello de Celanova conta cun importante patrimonio histórico que ten a singularidade de ser un reflexo do tempo e un magnífico exemplo da evolución histórica de Galicia. Dende o xacemento arqueolóxico de Castromao, referente da cultura castrexa e da romanización, ata a Casa dos Poetas, que lle serve de alicerce á memoria de dous dos principais escritores da literatura galega contemporánea como son Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, nados ambos os dous en Celanova. O seu patrimonio arquitectónico complétase co burgo medieval de Vilanova dos Infantes, a capela mozárabe de San Miguel e o imponente mosteiro de San Rosendo, que alberga un dos máis destacados edificios monacais de Galicia.

É de destacar, así mesmo, que moi próximo a Celanova está o Parque Natural do Xurés, así como o Parque Nacional Portugués de Peneda-Gerês, dous espazos de gran valor natural e de gran beleza xeográfica declarados actualmente reserva da biosfera.


DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

Coñecer os diversos aspectos formativos do audiovisual, dende a redacción do guión ata, incluso, os principios da interpretación, pasando lóxicamente pola produción, a rodaxe, posproducción etc., dunha curta, dun documental, un anuncio publicitario, animación por *stop-motion* etc.

Durante 12 días, o voluntariado participará de forma práctica en obradoiros de formación sobre as distintas disciplinas que se conxugan para poder levar a cabo un audiovisual express:

- Redacción do guión
- Producción
- Rodaxe
- Montaxe
- Posproducción
- Principios da interpretación

Traballarase arredor das dúas últimas producións audiovisuais que tiveron a Celanova como plato de rodaxe:



- Elisa y Marcela (Isabel Coixet 2018)
- El desorden que dejas (Carlos Montero 2020)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Descubrimiento dos espazos evocativos do contorno de Celanova, que inspiraron os escritores para a composición de poemas ou a creación de relatos literarios, como poden ser Penalta, Einibó, Vilanova dos Infantes etc.



CAMPO DE VOLUNTARIADO: “DO AUDIOVISUAL GALEGO” (CELANOVA-OURENSE)

Coñecemento do patrimonio arquitectónico e monumental de Celanova e dos seus arredores.

NOTA: *Estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a posibles modificacións derivadas do propio calendario de actividades no campo de traballo, así como á existencia de crédito orzamentario.*

COMO CHEGAR

Dende Santiago de Compostela (a 130 km de Celanova) podes viaxar en autobús coa compañía Monbus (www.monbus.es) ou Alsa (www.alsa.es) ata Ourense. Tamén tes a posibilidade de facelo en tren ata Ourense (www.renfe.es). Dende Ourense a Celanova, debe tomar un autobús da compañía www.anpian.com.

Dende Vigo, (a 90 km de Celanova), pódelo facer en autobús coa empresa Monbus (www.monbus.es) ou con Alsa (www.alsa.es) ata Ourense. Tamén tes a posibilidade de viaxar en tren a Ourense (www.renfe.es). Dende Ourense a Celanova, debes tomar un autobús da compañía www.anpian.com.

Dende Lugo (a 130 km de Celanova) podes viaxar ata Ourense en bus (www.monbus.es) ou en tren. Para coller o bus da compañía Anpian, que te leva a Celanova,

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os/As participantes aloxaranse no albergue xuvenil de Celanova, que dispón de comedor e instalacións complementarias. O almorzo, o xantar e a cea estarán a cargo de persoal especializado.

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 9:15h no albergue xuvenil de Celanova.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50€)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de traballo. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos e/ou do hospital en que este ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes

médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, no seu caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo
- Roupas: de abrigo, de chuvia, de deporte e de baño (traxe de baño, toalla e chancletas)...
- Protección solar e unha gorra
- Ordenador persoal con programas de edición de vídeo, cámara fotográfica ou de vídeo etc.



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
 Tfños: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude (Ourense), tfno.: 988 386 116

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

www.santiagoturismo.com. Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, transportes, accesos...

www.ourense.es Información sobre a cidade de Ourense, transportes, accesos...

www.celanova.es Información sobre o Concello de Celanova, situación, turismo, transportes, accesos...



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio administrativo de San Lázaro, planta baixa
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 115

CAMPO DE VOLUNTARIADO: “DO AUDIOVISUAL GALEGO” (CELANOVA-OURENSE)

www.caminodesantiago.gal Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turismo.gal. Portal de información turística de Galicia